

- **Lugar:** Sena, IBIAS.
- **Narradora:** Otilia, 62 anos (2007).
- **Recopilador:** Jesús Suárez López.
- **Grabacióis:** *A fala* • *O trasno*.

A fala

Eiqué falamo-lo galego, eiqué falámo-lo entremediado, nin galego nin asturiano, pero dicen que galegos y asturianos, primos y hermanos. No, no, nun falamos más porque después vai por esas terras por aí alante y dirán: “¿D’ónde será esa xente así... zulibanda?”. No, no, no, no... dígaye a o albañil que ye fale, qu’este enténdelle ben a cousa. Nun yes poddo decir outra cousa. Home, os veyos antes decían muitas cousas, però paso a crer que nun sei si siría verdá nin min-tira... qu’houbese máis miseria qu’hai hoi, si, qu’hoi tamén entre a muita miseria y a muita abundanza hai un término medio. Según ahora se pasa a xente se cuadra de normas, antes faltaban esas normas; pero o mundo vai así e hai que levalo como vai, nun se poden facer mundos novos. Home, antes facían calcetines, ticían, filaban, cun as rocas ya un fusu, torcían a la, cardábanal, era o que s’invertían a mitá dos veyos, ¿qué iban facer? Xogaban ás cartas, xogaban á brisca, xogaban a o tute y a veces discutían, tomaban un café o un vaso de viño, ¿qué máis ye poddo contar? Daquela había mil personas en cada casa, qu’hoi no hai más que... por exemplo aquí nesta casa hai dous viejos ya tou eu y punto, ya inda a veces sobramos se cuadra algún. Vellos son os trapos...

Porque en San Antulín nin falan o asturiano, asturiano, nin falan lo galego, galego, tán como nós, eso mismo, porque pouca diferencia hai pero hai diferencia de faláremos eiqué a falar en San Antulín, porque eu... hai un irmáu de meu padre casado en San Antulín ye fala distinto a nusoutros, sigún en qué palabras fala distinto a nós, ye pouca diferencia hai d’eiqué a San Antulín, pero esa diferencia si al hai. Però nóto lo eu cuando vén eiqué muitas veces que vén, que fala si cuadra algunha cousa, digo...: “Coño, pois mira, cambia de falar de nusoutros”. Y é verdá que cambia muitas palabras, si, pero bueno.

O trasno

Home, antes decían qu'andaba o demo ya o trasno ya qu'andaban mil figuras... nun sei se che siría a fame, que facían esas figuras si se era qu'é cierto, porque o mismo mundo había antes qu'hai agora, y eu agora tocaréi madeira porque nun se sabe, pódese ve-lo demo o o trasno por aí en cualquier rincón, pero nun vin demo nin trasno... ye xa teño mis años, así que... siría pra meter medo a guajes ou siría qu'elos pensaban aquelo ou... ¡cada persona é un mundu! Tamén, Dios nus libre que pensáramos todos igual, pero eu digo que nun hai tal... nin no ol había antes nin no ol hai agora. É o que digo eu, si cuadra a os antepasados... a ellos dixéronlles esas pamemadas tamén, ya ellos pois crían, pero eu digo que no hai, sigún digo qu'hai outras cousas, tamén digo qu'eso nun hai nada d'eso, y punto. Eu polo menos pra mi pensar é así. Agora, cada ún... nun sei este joven o que pensa.



003.
OTILIA
Sena, IBIAS

Foto: Jesús Suárez López

